



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 7 DE MARZO DE 2013	
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de marzo de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 31 DE XANEIRO DE 2013.

2°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE FEBREIRO DE 2013.

3°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO ÁS RECLAMACIÓNS CONTRA O ORZAMENTO MUNICIPAL 2013

4°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2013

5°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

6°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO RURAL RELATIVA A DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE SIEIRO

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

7º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XANEIRO DE 2013, ÁMBOS DOUS INCLUÍDOS.

8º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.-Boa tarde a todos e a todas que nos acompañan hoxe nesta sesión plenaria e benvidos a sesión ordinaria do Pleno do mes de marzo.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 31 DE XANEIRO DE 2013.

Sr. Alcalde.- orde do día comeza ca aprobación da acta correspondente á sesión celebrada o 31 de xaneiro de 2013, non sei se hai algunha alegación, pois apróbbase por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 31 de xaneiro de 2013.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE FEBREIRO DE 2013.

Sr. Alcalde.-O punto nº 2 é aprobación tamén se procede da acta correspondente á sesión celebrada o 7 de febreiro de 2013, se hai algunha alegación senón aprobámola por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 7 de febreiro de 2013.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO ÁS RECLAMACIÓNS CONTRA O ORZAMENTO MUNICIPAL 2013.

Sr. Alcalde.- O punto nº 3, aprobación se procede do ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas relativo á reclamación contra o Orzamento Municipal 2013. Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco en representación do Partido Popular.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Boas tardes Sr. Alcalde.....

Non se escoita ningunha grabación ata que fala o Sr. Alcalde:

O Alcalde: me parece moi razoable eu se lle parece dentro do que é o Regulamento de funcionamento do Pleno temos a parte de participación cidadá, no momento en que remate a sesión ordinaria do Pleno, primeiro temos a parte dispositiva, a resolutoria que a que estamos agora, rogos e preguntas e despois temos un Regulamento de Participación Cidadá donde calquer veciño pode facer uso da palabra..

Interrompe un veciño dicindo: Queremos cambiar o Regulamento.

Sr. Alcalde: i expresar.....

Veciño.- queremos cambiar o Regulamento.

Sr. Alcalde.- i expresar calquera opinión que considere oportuno, ser escoitado no capítulo de rogos e preguntas, como prefira vostede pero creo que e mellor seguir o correcto funcionamento do Pleno e despois terán o tempo que necesiten para debater e falar da problemática que a todos nos sensibiliza i que a todos nos preocupa, llo podo garantir.

Volvese a escoitar que fala xente do público asistente sen apreciar o que din.

Sr. Alcalde.-de momento vamos a intentar manter a orde do día do Pleno i despois se le parece que son persoas serias i coherentes i sensatas pois teremos o tempo do mundo e se queren podemos botar aquí o tempo que queiran para poder debater o tema.

Veciño:- queremos empezar polo tema dos preferentes e se nos convence

Sr. Alcalde.- non ten encaixe dentro da orde do día se lle parece exactamente igual vamos a rematar o Pleno bastante rápido, vámolos a levar ben e despois (interrompe o veciño que falou antes, sen poder apreciar na audición o que di). Señor Xulio que nos conocemos xa de vello, aquí hai moita xente da Estrada que ven a defender os seus dereitos (volve a interrompir o veciño ó Alcalde). Creo que vamos a levar isto dunha forma razoable.

Sr. Julio Vicente .-Mire vostede que estaba un día na Diputación cando aprobou, como se chama, unha moción (non percibo o que di) onde se iba aumentar o arbitrase, etc. Etc. Primeiro cando me conteste porque despois de que vostede estaba na Diputación, polo visto, o PP no Parlamento Galego, o outro día, votou en contra de aumentar as medidas para o aumento da arbitrase (.....), ten algo que dicir, habelo dito ou algo, porque todos os alcaldes que estaban na Deputación ese día, non sendo o de Oia, non escoitei a ningún falar nada en contra, osea as palabras son moi boas, moita emoción, pero o outro día o Partido Popular no Parlamento de Galicia, vota en contra de aumentar os recursos e as medidas para o aumento da arbitrase en Galicia. ¿Ten algo que dicir ahí?.

Sr. Alcalde.-Bueno vamos a falar dese tema no seu momento.....

Sr. Julio Vicente.- ahora, ahora.

Sr. Alcalde. De momento, de momento o Alcalde é o que dirixe as sesións plenarias i vamos a

Sr. Julio Vicente.- nesta sesión plenaria, como aquí os veciños do seu Concello se sinten roubados, polas políticas que está facendo algún partido político, (.....) van a dirixir eles este Pleno, se lle parece ben, e se vostede nos convence, do que se fale ó principio, do que nos diga, vai o Pleno adiante, senón non hai Pleno, haber. se me entende, porque xa está pasando isto en moitos sitios de Pontevedra e isto vai ir crescendo. Nos non vamos aceptar o roubo, entende o que lle digo,

e vostede ten que posicionarse se se pon cos que queren roubar ou se se pon cos roubados. Ten que decidilo vostede, vostede e todas as persoas que teñen responsabilidade política en Galicia, todos. Queren roubarlle os veciños de Galicia moitos millóns de euros. (aplausos). E certo o que di o Sr. Louzán, que estamos disfrazados, disfrazados, eu chámome, como vostede dixo, Xulio Vicente son afectado das preferentes, eu, miña filla e meu pai, o resto que digades, me parece moi ben. Estou moi orgulloso de facer o que fago e axudar á xente, non me sentiría orgulloso de facer o que facedes vós que é roubar, de acordo, moi orgulloso. Por onde hai que ir, Xulio Vicente afectado de preferentes e subordinadas cunha nena menor de idade que lle falsificaron os datos, afectada, e meu pai, afectado. Estamos disfrazados de inversores, por que, porque o Partido Popular este vran foi a Bruselas a firmar un memorandum onde dixo que o 75 por cento dos galegos eramos inversores, este é o problema que temos neste momento, por que, porque así di que lle dan 6.000 millóns de euros para refinar a banca á conta dos nosos aforros, entón ustedes e todos os que estades aquí ca gaviota ás costas posicionaivos, o que dixo o alcalde de Oia, pásame por favor compañeiro o papel do alcalde de Oia. Nadie o está manipulando, non recibe presión ningunha. O alcalde de Oia foi o único durante dous meses a moitas reunións, porque é certo que foi, estivo co Ministro de Industria, estivo en Consumo, estivo con cincuenta mil persoas e todos, todos lle estiveron tomando o pelo como no lo están tomando a nós. Recoñéceo é alcalde do PP e vouvos a ler o que asinou o alcalde de Oia con toda a Corporación despois dunha reunión de dúas horas eles, mentres nós tomabamos café nun bar, se reuniron, vouvolos a ler para que o sepades pa que sepades o que esta pon: 6 concelleiros de Oia, Partido Popular que non se deixaron manipular polo Sr. Louzán e catro sinvergüenzas que nos queren roubar os cartos. Equipo de goberno do Ayuntamiento de Oia manifesta publicamente a decisión que tomamos conxuntamente despois de suspenderse o Pleno da Corporación de Oia polas protestas e abucheos dos integrantes da Plataforma do Baixo Miño. Despois de escoitar, detidamente á plataforma, queremos expresar que nos solidarizamos totalmente cos afectados, primeiro punto. Segundo punto que entendemos que as autoridades que nos representan a nivel autonómico e nacional non están facendo o suficiente ante un tema que é de excesiva gravidade. Terceiro punto.-O equipo de goberno do Concello de Oia entende que por parte das autoridades que nos gobernan non están facendo o posible para indemnizar á maioría dos afectados e mais permiten a inxusticia que se está producindo nos nosos aforradores. Cuarto punto.-Compartimos cos afectados que as frases, que por parte de líderes políticos na pasada campaña electoral, donde garantizaban os chamados arbitraxes a todos os afectados non se están producindo e por tanto foron enganados . Repítovos que isto o está lendo un alcalde do Partido Popular que escoitou estas frases na campaña electoral . Despois de todos os desplazamentos e reunións con representantes das institucións galegas acompañando a alcaldes do Baixo Miño, nos que non se logra involucrar a gobernantes, naide nos dá unha solución que ampare á maioría dos afectados. Eu estiven en gran parte desas reunións co alcalde de Oia. O equipo de goberno comprométese a enviar esta nota ao Sr. Presidente da Xunta, Sr. Presidente do Goberno e Sr. Ministro de Economía, se a contestación non é satisfactoria, este equipo de goberno conxuntamente cos seus compañeiros, tomará en asamblea a decisión de plantearse a baixa no Partido Popular e solicitar a alta no Grupo Mixto. É o noso desexo, como foi sempre, de querer defender os intereses dos nosos veciños e do pobo. Este

é un escrito asiado pola Corporación enteira do Partido Popular de Oia e isto non o redactou ningunha plataforma. Esta é a realidade do que está pasando neste país. Vostede Sr. Alcalde ten que decidir se sigue a retórica do Sr. Louzán, que é aguantar o tirón, ou porse cos veciños que é defender o roubo, porque isto non é unha quita, isto é un roubo en primeira liña dacordo, tanto vostede como aquel que representa ó Partido Popular neste país, porque Nava Castro, que hoxe é Conselleira de Turismo, veu ao Rosal, unha semana antes das eleccións e ante 150 afectados dixo "si el Partido Popular gana las elecciones, todos cobraremos, es la única manera que teneis para recuperar el dinero". Entón o que incidimos e que decidades neste momento, se estades dese lado ou estades neste, non hai medias tintas, aquí non hai medias tintas, de acordo. E todo aquel que, se nos rouba, siga defendendo aos que nos queren roubar, non é ningunha risa, compañeiro, eto é moi serio, non te rías porque isto é moi serio, dacordo. Volvete a dicir non te rías, non sei se a tí te roubaron ou non pero a mín quérenme roubar e a xente que está aquí tamén. Entón (aplausos) agora esperamos a contestación do Sr. Alcalde, está con nós ou quere seguir facendo o Pleno e facendo políticas que son as que nos están levando neste país a isto (.....) iso escoita ó pueblo.

Sr. Alcalde.-Sr. José María, que é vostede o representante da plataforma das preferentes da Estrada, si vostede considera que quere dar lectura ó seu escrito agora, creo que non temos ningún problema en modificar o transcurso do Pleno e se vostede quere esperar a que rematemos os dous asuntos da orde do día que nos quedan i pasar a proceder a escoitar a oposición i a escoitar tamén ó resto dos compañeiros que están hoxe aquí na sesión plenaria para intentar defender os seus dereitos, pois o faremos. Como vostede prefira. (Escóitanse murmullos do público sen logar entender o que din). Si quere facelo agora.

Sr. José María.-Voulle preguntar á xente.

Público: ahora, ahora, que estamos cheos de esperar.

Sr. Alcalde.- Pois veña, ten vostede a palabra. Perdón un segundo, perdón un segundo, acércalle o micrófono.

Sr. José María.- é un comunicado que lle mandaron ao Sr. José Manuel Barreiro, presidente do Partido Popular en Lugo. "Tal como quedamos na reunión celebrada con vostede na sede do Partido Popular de Lugo o pasado venres día 1 de marzo, a plataforma de preferentes de Lugo en nome propio e recoñecendo o sentir e as demandas feitas públicas reiteradamente por todas as plataformas de Galicia e en conxunto das persoas estafadas por esta fraude facémoslle chegar as seguintes consideracións, preguntas e conclusións para que as traslade ó Sr. De Guindos, Ministro de Economía na reunión que se comprometeu a manter o vindeiro martes día 5 de marzo para buscar unha solución definitiva a este problema en compromiso do Goberno do Estado para que se devolva integramente os seus aforros os miles de persoas aforradoras que fomos estafadas por Caixa Galicia, Caixanova, agora Novagalicia Banco, colocando os nosos cartos en participacións preferentes e obrigas subordinadas. Consideracións: 1°.-A inmensa maioría das persoas afectadas pola fraude das participacións preferentes e obrigas subordinadas de Novagalicia Banco somos clientes de toda a vida desta entidade, titulares de contas correntes, prazos fixos, depósitos ou produtos garantidos e con liquidez inmediata

resultando de moitos anos de traballo, en moitos casos na emigración, como eu aquí presente, e dos aforros e fondos acumulados ó longo da nosa vida reservados para atender as necesidades urxentes e especiais que se nos puideran presentar no futuro, no meu caso unha leucemia que me vin e me deseei porque hai medicamentos que non os paga a Seguridade Social (aplautos) e reservados para atender as necesidades urxentes e especiais que se nos puideran presentar no futuro a nós e á nosa familia, a miña filla por desgracia é minusválida e ten a conta bloqueada, osea que aquí o que non leva hostias, o que non leva unha leva dúas. Situación na que nos atopamos xa moitos de nos neste momento pola devastadora crise que estamos padecendo.

Segundo.-Somos la inmensa maioría personas con un claro perfil conservador e aforrador, mais do 90 por cento segundo os propios responsables de Novagalicia Banco, que fomos vítimas dun engano masivo por parte dos directivos das antigas Caixa Galicia e Caixanova que nos colocaron a sabendas os nosos aforros nuns produtos complexos de asesoramento viciado e interesado para conseguir que o noso consentimento fose froito da confianza e fidelidade que tiñamos na entidade e no seu persoal e non consecuencia do coñecemento previo, exhaustivo e real do contido e risco destes produtos como establecida a propia lexislación vixente. Terceiro.-As deceas de miles de persoas afectadas e o importe dos aforros pillados nesta fraude de Novagalicia Banco son un grave problema social e económico para Galicia pero este grave problema social e económico colectivo ten unhas consecuencia moito mais devastadoras para a economía. A saúde e o futuro das persoas que fomos estafadas e das nosas familias. As plataformas levamos meses denunciando a preocupación, desacougo e indignación que provoca nas persoas estafadas. Comprobar que o froito do noso traballo e do noso aforro durante moitos anos podamos perder dun momento a outro porque o Goberno do Estado decida destinalo a pagar avaricia, negligencia, os desfalcos dos directivos bancarios da entidade previamente nos estafou a todos nos, e mais algo mais que levan pa Suiza pero eso non está aquí posto. Esta permitida esta estafa levouse a cabo pola dirección das antigas Caixa Galicia e Caixa Nova vulnerando todas as normas legais, éticas das prais bancarias no obxectivo de facerse cos nosos aforros para cubrir as necesidades de capital propio que se lles esixían para poder competir no mercado inmobiliario e do capital especulativo, diñeiro que xa non conseguían nos mercados bancarios pola súa negligente gestión económica. A crisis e resultados que padecía nos ocultaron ata fai ben pouco tempo. Que nesta fraude houbo intencionalidade, negligencia, mala prais por parte das entidades que hoxe forman Novagalicia Banco queda acreditada na petición pública de perdón dos actuais directivos da entidade. Nas múltiples resolucións e pronunciamentos emitidos polos propios órganos que as autorizaron e tiñan que vixiar por sentencias xudiciais por miles de resolucións de arbitraxe e por iniciativas como do Fiscal Superior de Galicia. Tamén houbo responsabilidades políticas por parte do Goberno do Estado e dos seus representantes na Comisión Nacional de Mercado de Valores e no Banco de España encargados da labor de control e seguimento que permitiron dende o ano 2003 ata o 2011 a comercialización masiva e revenda destes produtos a clientes minoritarios e pequenos aforradores a sabendas da crisis económica que nos últimos anos atravesaban xa o sistema bancario español destas entidades nomeadamente. No 2003 e 2011 que non está posto aquí, hai unha frase que dixo o Sr. Louzán e que xa rebatín no periódico o que ten que saber un político e quen gobernaba España no 2003 antes de falar, senón que estea calado, porque

Ministro de Economía era Mariano Rajoy, Presidente do Goberno Jose Maria Aznar, Presidente da Xunta Manuel Fraga Iribarne, entónces as veces cando se fala ou hai que saber o que se fala e senón calar a boca que fanlle un gran favor ó partido, eh. O Goberno do Estado lexislou para que a estafa con persoas aforradoras non se volvera a repetir, magoa que no mesmo Real Decreto Ley 24/1912 e posteriormente na Lei 9/2012, en vez de establecer que se lle devolverse os cartos ás persoas previamente estafadas facultou plenamente o FROB, hoxe dono do cen por cen de Novagalicia Banco, para definir que ten que asumir as perdas millonarias de Novagalicia Banco por iso neste momento e o FROB, organismo dependente do goberno do Estado, o que nos está ameazando con impoñernos as persoas aforradoras titulares de participacións preferentes e obrigas subordinadas de Novagalicia Banco unha quita moi importante ó noso capital e obrigarnos a trocar o resto por accións desta entidade que non cotiza en Bolsa nin tería liquidez de momento e poida que chegue a non valer nada, como xa ten sucedido noutros casos. Este fraude ten grandes, graves e consecuencias económicas, sociais e políticas que directa ou indirectamente afectan a moitos miles de gallegos e gallegas por iso require dunha solución inmediata que facilite que as persoas estafadas recuperen a totalidade dos nosos aforros e que eles a tranquilidade e o acougo necesario para seguir vivindo, do contrario acabará converténdose tamén nun problema xudicial e consecuencias humanas difícil de predicir neste momento como penso que todos saben hai un señor que foi ó banco buscar os seus cartos e dixéronlle que non tiña nada e chegou á súa casa e colgouse. Sabemos que pa moitos políticos unha vida humana destas non representa nada pero pa nos representa calquera vida que se perda, representa, agora imaginadebos unha persoa que neste caso se lle dea por tomar outras iniciativas, estaremos de baños en baños de sangue. Eu penso que é moi grave e teñen que telo en conta antes de facer disparates que van facer. Por eso, as persoas afectadas, levamos moitos meses reclamando unha solución definitiva para este problema non queremos escoitar mais promesas, non porque desgraciadamente non valen de nada, nin mais desculpas, queremos o que é noso, que nos devolvan o que cos enganos e malas prácticas nos quitaron e agora nos pretenden roubar. O Sr. De Guindos, actual ministro de economía, é bo coñecedor pola súa anterior ocupación de como se comercializaron as participacións preferentes polas entidades bancarias e tamén por caixas gallegas coñecendo estes antecedentes vai decidir ou permitir o señor ministro que se impoña unha quita e un canxe por acción ou capital das persoas enganadas por entidades que hoxe forman Novagalicia Banco. No memorandum asinado polo Estado Español, para conseguir o rescate dos bancos, á Unión Europea existe un dez por cen sobre do valor dos produtos híbridos sometidos a unha quita polo Real Decreto 24/2012 pero autoriza o goberno a compensar este dez por cento ás persoas afectadas. ¿cal vai ser a decisión do goberno ante esta medida recollida no MOU e se ten previsto compensar as persoas estafadas por Novagalicia banco por esta porcentaxe?. A dirección de Novagalicia Banco manifesta que independentemente de que o FROB decida aplicar ou non unha quita os aforros colocados en preferentes e subordinadas o capital resultante dende produtos tocticos vaise canxear por accións da propia entidade e que despois debería ser o Goberno do Estado a través do fondo de garantía de depósitos quen recomprase esos títulos por non cotizar Novagalicia Banco en bolsa, de confirmarse esta medida queremos ter unha confirmación por escrito do Goberno do Estado onde se nos garantice a recompra e

certificación de que se vai facer de inmediato e con liquidez. Vai asinar e garantir ese compromiso o Sr. De guindos?, non o creo. Tamén formulamos as seguintes preguntas para que sean trasladadas ao Sr. Feijoo recadando as súa resposta e o seu compromiso co Presidente da Xunta de tomar todas as medidas posibles e facer as xestións políticas necesarias para conseguir que os miles de gallegos e gallegas estafados por Novagalicia Banco recuperemos todos os nosos aforros. Os venres non se realizan arbitraxes o motivo é que non hai árbitros os venres para "EGAP" para poder facelas. Con esta medida a Xunta de Galicia priva cada semana mais de cen familias de que poidan recuperar os seus aforros. ¿Ten pensado o Sr. Feijoo dar ó servizo de arbitraxe, como ten prometido, os medios necesarios para atender e facilitar que todas as persoas estafadas poidan recuperar este medio e os seus cartos canto antes?. En reunión co presidente de Novagalicia Banco, José María Castellanos, "joder menudo elemento" este dou a entender que unha vez realizada a quita a arbitraxe podría cambiar ou rematar, "fai o que quere", quedamos moitos miles de afectados por preferentes con perfil claramente aforrador, que aínda non recuperamos os nosos aforros. De producirse este feito ¿que determinación e que medida vai tomar o presidente da Xunta?. A Xunta de Galicia non reclamou nin adoptou ningunha medida contra o Real Decreto 24/2012 nin posterior nin contra a Lei 9/2012 que substituíu no que o Goberno do Estado faculta o FROB para impoñer quitas e trocos por acción ós afectados por preferentes e subordinadas nas entidades bancarias intervidas. No caso de Novagalicia Banco esta medida anunciase para finais deste mes de marzo ¿que vai facer o Presidente da Xunta para impedir que o FROB consuma esta posibilidade e que lle roube ás miles de persoas galegas unha parte moi importante dos seus aforros e que lle coloque o resto en accións que poidan que cheguen ou non a valer nada para que non haxa quen as compre ou se liquide a entidade?. O presidente da xunta realizou xestións ante o Goberno do Estado para conseguir que os inversores que el avalou para que investisen en Novagalicia Banco recuperasen a súa inversión e anunciou que de ser necesario adoptaría outro tipo de medidas para conseguir ese fin. ¿Que medidas pensa adoptar o Sr. Feijoo para conseguir que todas as persoas estafadas por preferentes, subordinadas recuperen a totalidade dos seus cartos? ¿como conseguiron xa as que foron chamadas a arbitraxe? de non ser así temos que entender que o Presidente da Xunta se desvincula de buscar unha solución para os afectados por estes produtos. Eu como por desgracia que estou jubilado por enfermidade, pois teño tempo bastante, vexo bastante os medios de comunicación e resulta que ultimamente hoxe vin unha cousa que me chocou bastante dicían que o kilo de político en España valía menos ca unha acción de Bankia. Non quero con isto ofender á xente aquí presente porque non está nas vosas mans o dicir o que vai valer Novagalicia banco ou o que sea, pero esperemos que vos solidaricedes con nos todos en general, eh, os que estades no goberno, na oposición e todos porque no 2003 había uns, despois no 2008 había outros ou sexa que aquí todo o mundo ten algo que responder. Non vale que me digan non é solamente o Partido Popular, mentira, porque temos de todo, temos pallerols, temos faisán, temos bárcenas, temos de todo e sen tirar aínda da manta sin tirar da manta, porque eu fun emigrante por suerte, non por desgracia, por suerte de coller unha maleta e marcharme para Suiza e nunha ocasión levei a uns señores cando houbo ampliación do capital do Banco Santander e claro falaban comigo e falaban en inglés para levalos o aeroporto e cando salín do castiello do meu jefe, que estaba na

beira do lago despois de levalos no yate, pois a señora de alí cometeu o error e dixo "Jose Mister Saí dijo que llevaras a estos señores al aeropuerto". Quedaron de pedra. Pero usted é español. Eu si, de que zona. Son de Galicia, pero por favor mire usted o que escoitou aquí e todo eso e tal. Se eu deixera a cantidade de cartos que saíron do noso país e no banco suízo onde foron metidos e na sociedade na que se meteron e que despois foi fundida que era Afinco, pasou á Times e despois pasou a Unifun Compañía pois esa xente está viva aínda hoxe aquí en España eh. Entonces se hai que tirar da manta aínda vamos tirar da manta pero de moito señor mío, eh. E nada máis e moitas gracias señores a todos da Corporación por escoitarnos.

Sr. Xulio Vicente.- Dille de ahí do De Guindos, do De Guindos temos un ministro de economía o Sr. Guindos que foi o que fundeu o Lemán Broders, osea que estamos ben apañados os das preferentes co Sr. Guindos que foi o fundador, fundido do Lemán Broders e hai que aplaudirlle ó Sr. De Guintos, toma.

Sr. Alcalde.- Bueno eu dicirlles en primeiro lugar agradecerlle o tono e as aportacións que fai o representante da plataforma, por suposto creo que podo falar en representación de todos, estamos de acordo en moitos dos aspectos que vostede sinala e entendemos que é un problema importante i creo que pola nosa parte estaremos en disposición, despois o poderemos falar, de facer unha actuación, de facer unha comisión informativa, de reunirmos i de facer, dende logo, unha medida de apoio ás reivindicacións para que vostedes sexan capaces i que todos sexamos capaces de solucionar un problema que é un problema de todos. Eu coincido que este é un problema social, é un problema grave que ten unha transcendencia dende logo que tremendamente importante, eu coñezo casos persoalmente de familias i situacións extremas que non ten explicación. Isto é un roubo i un espolio masivo i o que temos é que intentar entre todos facer a maior forza posible para poder resolvelo e poder poñer todos os medios necesarios, en eso estamos de acordo, i se lles parece o podemos debatir despois ou podemos ver a hora, a hora que se desenvolle o Pleno porque temos asuntos importantes que tratar hoxe como é o Orzamento municipal a aprobación definitiva do Orzamento i esto o vamos a tratar tamén coa debida atención, de verdade coa debida atención e coa debida sensibilidade así que si lles parece, si lles parece procedemos....

Público: No, no, no, non vai haber Pleno,

Sr. Xulio Vicente.- haber ¿é mais importante isto ou que haxa Pleno.

O público aplaude e grita algo que non se percibe o que di.

Sr. Xulio Vicente.- Vámolo a tomar en serio ou vamos a seguir a tomar o pelo, porque non queremos boas palabras, eu, vamos a ver, quero deixar unha cousa clara. O alcalde de Oia sigue pertencendo ó Partido Popular, simplemente por escrito lle dixo ó Partido Popular "ou axudas ós meus veciños, ou me largo", ¿vostede está disposto a facer eso?.

Sr. Alcalde.- Eu axudo ós meus veciños todos os días no que podo.

Sr. Xulio Vicente.- No, no, no que pode non.

Sr. Alcalde.-Si dentro das miñas capacidades. Mire vamos a desenvolver

Sr. Xulio Vicente.- No, no no.

Sr. Alcalde.- vamos a desenvolver o Pleno.

Sr. Xulio Vicente.- Eu quero que todos os que estades ahí decidades neste momento.

Sr. Alcalde.-vamos a desenvolver o Pleno.

Sr. Xulio Vicente.- Os que estades cos afectados entón levantádevos e vinde para onda os afectados. Se non estades cos afectados tratade de facer o Pleno pero nos creemos que non vai haber Pleno porque non nos estás convencendo.

Sr. Alcalde.- Vai haber Pleno.

Sr, Xulio Vicente.- Non vai haber Pleno.

Sr. Alcalde.- Vai haber Pleno, pódollo garantir. Eu o que lle digo é que eu apoiei..... usted non representa ós veciños da Estrada, eu vexo a moitos veciños da Estrada que son sensatos i razonables i falamos de tratar buscar unha solución.

Público.-Gritan "solucións".

Sr. Alcalde.- e tratamos de buscar unha solución.

Público: hai pitidos e gritos de "solución".

Portavoz da plataforma de Santiago.-Quero explicar por que estamos aquí.

Sr. Alcalde.-Espere un segundiño, ten a palabra a portavoz do Partido Socialista para falar deste tema porque supoño que nós.....

Sra. Belén Louzado do PS. De G-PSOE.- Por nós non hai problema.

Sr. Alcalde.- Bueno pois ten vostede a palabra, veña.

Portavoz da plataforma de Santiago.-A plataforma de afectados por preferentes e subordinadas de Compostela estamos apoiando a esta recién constituída plataforma de afectados de A Estrada debido sobre todo a que o noso Alcalde o alcalde de Compostela a pesar de que xa en xuño se presentou una moción de apoio as preferentes e no Pleno municipal do 27 de decembro se presentou unha pregunta de urxencia por parte de un dos grupos municipais e que foi rexeitada era una moción de urxencia para solicitar o apoio á nosa causa e que apoiara unha serie de puntos que son basicamente os comparables aquí. O alcalde de Santiago co seu voto de calidade impediu que se debaterá a pesar de que ese día estivemos encerrados, pechados no Concello de Santiago un grupo de persoas é mais ese día impediu o acceso de membros da plataforma ó Pleno unicamente limitou o acceso totalmente vímonos obrigados ó seguinte mes a presentar unha denuncia administrativa contra o Alcalde de Santiago por impedir ó libre acceso de persoas ó Pleno a pesares de que había espazos libres e nesa segunda sesión de Pleno se nos volveu a impedir o acceso e este

último Pleno de finales do mes de febreiro, exactamente igual coa Policía Municipal e bueno evidentemente non vou facer comentarios que todos coñecedes as circunstancias en que está o Concello de Compostela, pero nos solidarizamos i bueno simplemente quero comentar que no último Pleno tivemos que esperar a que rematara o Pleno porque como digo nin sequera se nos permitiu falar e intentamos na rúa entregar un escrito ó alcalde cunha serie de puntos mui clariños, entón eu quero leelos aquí porque vostede tamén é un alcalde do Partido Popular i bueno evidentemente estamos pedíndolle que se dirixa tanto ó Goberno da Xunta como ó Goberno Central para apoiarnos e esixir a persoas do seu propio partido que solucionen este grave problema. O que queríamos trasladar ó alcalde de Compostela que nin siquera se dignou a leelo porque colleu este papel que teño aquí, arrugouno, fixo unha boliña e botouno ó chan e algo tan simple como esto que se solidarice, neste caso, coa plataforma de afectados da Estrada, no seu caso, e que recoñeza que os gobernos central e autonómico non están facendo todo o posible para que se indemnice ós afectados e incluso está permitindo i augurando esta inxusticia que se está cometendo e tamén lle trasladamos que as promesas electorais do Partido Popular nomeadamente nos concellos onde se fixeron explícitas e estanse a incumprir i en todo caso se está incluso ralentizando a arbitrase que se prometeu por parte do Presidente da Xunta de Galicia como solución, e polo tanto isto supón un novo engano e tamén lle pediamos ó alcalde de Santiago e tamén lle pedimos a usted por extensión que recoñeza que sigue sin darse unha solución que ampare á maioría dos afectados. Son cinco puntos moi sinxeliños que como están decindo os compañeiros non debería haber ningún problema para que saian deste Pleno. O resumo e a conclusión de todos estes puntos son que se dirixa ó goberno da Xunta tanto á Conselleira de Industria como ó Sr. Feijoo para que faga todas as xestións pertinentes para esixir que a arbitrase continúe e sexa favorable a todos os aforradores estafados ou enganados e en segundo lugar que se dirixa ou se inste ó Goberno do Estado para que non se apliquen as quitas ou canxes obrigatorias. Se é necesario derogar total ou parcialmente o Decreto 24/2012 e sobre reestructuración do sector financeiro evidentemente sería unha solución efectiva e rápida e por último e en conclusión e penso que esta petición se pode trasladar dende os veciños da Estrada e que o alcalde esté do lado dos veciños e veciñas da Estrada e de todos os afectados de Galiza e no caso de que se aplique unha quita e un canxe se estará cometendo unha segunda estafa e un segundo roubo e entón polo tanto entendo que estos puntos que basicamente son os cinco e estas dúas peticións concretas non debería de haber ningún problema para que, bueno, evidentemente o alcalde, o grupo municipal do PP ou toda a Corporación municipal en Pleno asuma, porque penso que é algo moi sintético, moi claro e porque bueno sobran mais explicacións.

Aplausos por parte do público.

Sr. Alcalde.-Moi ben, moitas gracias. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Boas noites a todas

Sr. Xulio Vicente.- Perdona, perdona un segundo, en campaña electoral había case 300 arbitrxes diarios e hoxe hai, non chega a 80 arbitrxes diarios e solo catro días á semana. Non nos olvidemos que en campaña electoral había un dispositivo na Xunta

que chamaba ós afectados sábados e domingos e cando iba a xente a cobrar a Compostela, porque isto é ensañarse coa desgracia dos afectados Nava Castro, o ministro Guerra estaban alí dándolle a man ós afectados e dicindo que o arbitraxe era un mérito do Partido Popular non nos olvidemos disto, non nos olvidemos que estamos tan indignados e pedimos que vos posicionedes porque o Partido Popular nas eleccións á Xunta aproveitouse da desgracia dos galegos para volvernos a enganar unha vez mais ensañarse ca desgracia, despois de ver durante un ano a miles de galegos maiores, con oitenta e pico anos en cadeiras de rodas arrastrarse polas rúas e o Partido Popular dixo que se lle estaba devolvendo os cartos á xente necesitada. Hoxe aínda hai en Cambados un afectado que cobrou unha indemnización dun accidente de tráfico cobrou unha indemnización por haber perdido masa cerebral cun 60 por cento de minusvalía mental e aínda hoxe non recuperou os seus aforros. Si o recuperou o pai do conselleiro de Educación da Xunta de Galiza, un tipo que ten dobre residencia, ten unha residencia en Tui e outra en Sanxenxo ó lado do Sr. Feijoo. Si recuperou os cartos o concelleiro do Partido Popular do Rosal, osea, o Partido Popular fixo arbitraxe para gañar as eleccións, para pagarlle ós amigos e darnos mais polo cú dacordo e volvo a diciros que estades ahí e defendedes iso estades, no, non lle des á cabeza compañeiro, dime se é mentira algo do que digo, dime se é mentira que sábado antes das eleccións hubo case 300 arbitrxes se é verdade que tas cos veciños recoñece a realidade porque iso mirámolo todos os galegos e galegas, de acordo.

Público.-Aplausos.

Sr. Alcalde .- Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Boas noites a todas e a todos dende logo visto que pois se decidíu, porque así o demandan os veciños da Estrada e o fin e o cabo este é o órgano de decisión no que se toman as decisións que afectan a todos e a todas como veciños da Estrada, unha vez que este punto chegou á orde do día que se expuxeron cal é a situación, que penso que se comparte dende os representantes dos veciños e das veciñas da Estrada, que hai que dar unha solución a esta quita, a estas preferentes, a estas subordinadas e a solución a manifestaba o compañeiro afectado de preferentes de Santiago o poñía clariño e eu penso nos pensamos e seguro que compartimos que esta Corporación debe adoptar un acordo, entendemos as súas reivindicacións entendendo as súas demandas na liña que se propoñía, como dicíamos, nesta última exposición e falando de apoiar as arbitrxes, arbitrxes para todos, que se poñan as medidas enriba da mesa que non se paren que non se acepte esta quita, que se apoie xurídicamente a aquelas persoas que non poden acollerse á arbitraxe dando unha solución para todos i para todas i dende logo como dicíamos que esto se faga o antes posible porque o fin e o cabo son as familias, son veciños e veciñas as que están afectadas e pedimos a esta Corporación que unha vez que se meteu esto a comezo, de antes da orde do día que estos acordos se acheguen a esta Corporación por escrito i que se adopte unha resolución ó efecto para trasladala, neste caso, como se demandaba á Xunta de Galicia i ó Estado. Entendemos que unha vez escoitadas as exposicións pois podemos estar en disposición toda a Corporación de adoptar estas medidas.

Público.- Aplausos

Sr. Alcalde.- Moi ben.- Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: .Como di a canción "o pobo é quen máis ordena" e aquí o pobo estanos ordenando que tomemos unha serie de medidas, que eu creo que todos compartimos porque todos fomos conscientes de que o que se fixo neste país foi un roubo i unha estafa e quen pagou o roubo e a estafa como sempre foi a parte mais blanda do noso país que somos a maioría dos cidadáns. Aquí se nos falaba como os inversores si recuperaron o capital, os inversores que fixeron as súas componendas en Caixanova e sen embargo o pequeno aforrador, o traballador de toda a vida e que logrou facer uns cartos co sudor seu, non se lle está dando resposta. Aquí se presentaban unha serie de puntos que eu creo que os podemos tomar en consideración e que deste Pleno salga un apoio claro e contundente a favor dos nosos veciños estafados e roubados polos directivos de Caixanova, que se lle garantice a devolución do cen por cen dos aforros, porque está claro que se todos os concellos do país apoian este tipo de medidas ó Goberno do Estado y ó Goberno da Xunta non lle vai a quedar mais remedio que dar a solución política que hai que dar neste caso porque esto pasa por unha solución política, é a única solución porque foi a política que nos levou (interrumpe alguén do público falando) foron as medidas políticas os que os levaron á situación na que están porque non creo que lle guste estar ahí, entonces é unha solución política e hai que tomar medidas políticas aparte de xudiciais porque é increíble que non esté nadie na cadea por este tema, pero bueno, entonces creo que podemos tomar a medida agora saltamos a orde de factores non altera o produto é igual tratar os seguintes temas despois de aprobar esta moción que se lle pode dar a forma de moción e chegar a un acordo conxunto de todas as forzas aquí presentes.

Público.-Aplausos.

Sr. Alcalde.- Eu non lle dixen a usted que non era da Estrada.

Sr.Xulio Vicente.- (.....) ti non eres da Estrada.

Sr. Alcalde.-Non, eu non lle dixen a usted que non era da Estrada eu dígolle que a xente da Estrada e eu tiven a sorte de poder dirixirme ó seu representante no día de onte para mostrarlle o seu apoio, o noso apoio en nome da Corporación municipal da Estrada e a nosa consideración i dicirlle que aparte de que o vamos a apoiar en todo o que sexa posible por parte do Concello, tanto en asesoramento como a nivel de apoio ás súas reivindicacións, tamén lle dixen, bueno ou el me trasladou que iba a ser unha manifestación tranquila, sen ningún tipo de incidentes i sabe vostede que alterar unha sesión plenaria é un incidente grave e esto está claro non, i polo tanto eu digo.....

Público.-Abuceos.

Sr. Alcalde.-Roubar tamén, roubar tamen é un tema grave, por iso estamos aquí, por eso estamos aquí defendendo os intereses dos veciños.

Fala o público sen poder comprender o que din.

Sr. Alcalde.-Eu creo que debemos de manter as formas aquí somos 21 concelleiros que estamos intentando defender os intereses, en este tema creo que non hai cores políticos neste Pleno, en eso

creo que somos sensatos todos e estamos os 21 concelleiros igual de sensibilizados e en defensa de todas as persoas que foron estafadas i polo tanto non se preocupen que de aquí vai a salir un acordo unánime dos 21 concelleiros desta Corporación municipal na defensa a ultranza i sin fisura dos intereses en defensa dos intereses de toda a xente que quedou atrapada, que foi enganada, porque ó final foi unha estafa i coincido coa voceira do Partido Socialista i co voceiro do Bloque Nacionalista Galego sin ser a forma máis correcta, pois eu entendo que tiña que ser a través dunha comisión i chegar a un acordo tamén coa plataforma da Estrada para poder chegar a uns puntos claros e a un acordo claro sen ter competencias tampouco este Pleno simplemente ser un xesto de apoio ós aforradores estafados pois eu coincido que se inste, eu creo que si, e así debe de ser que se inste ó Banco de España, ó Ministerio de Economía i á Comisión Europea, polas notas que eu tomei aquí, a que se continúen resolvendo a través de arbitraxe e consumo todas as reclamacións que hai presentadas, eu quero recordar que hoxe en día na Estrada hai aproximadamente 583 solicitudes presentadas de arbitraxe de consumo, das cales foron resoltas 136 ou 137, se non me fallan os datos de cabeza. Eu tiven e fixen un seguimento semanal de como iban evolucionando estos procesos de arbitraxe lle podo garantir que nos preocupou, que nos preocupou bastante a todos desde desde o primeiro momento i que entendemos que por suposto que temos que seguir garantizando a arbitraxe, por suposto temos que seguir defendendo que todas as persoas que solicitaron o arbitraxe, no caso da Estrada as 583 persoas que solicitaron o arbitraxe, se lle resolva e se sigan resolvendo cos criterios que se están resolvendo agora i que se resolvan de forma favorable e o que temos que pedir e que non se aplique unha quita ós aforros no caso de que se chegue a unha solución pois nas próximas semanas ou nos próximos meses, unha solución que esperemos todos que sexa a máis beneficiosa para os aforradores. Creo que ese é o obxectivo que nos debemos de marcar creo que ese é o compromiso que esta Corporación pode asumir e instar a todos os organismos competentes, neste caso, Banco de España, Ministerio de Economía e Facenda, Comisión Europea, FROB i a Novagalicia Banco que cumplan con ese compromiso, que se resolva a situación dramática de todas estas familias i que aquelas persoas que foron estafadas, porque foron moitas, que recuperen os seus aforros creo que ese é un compromiso que podemos adquirir a Corporación municipal da Estrada sin menoscabo de que a partir de hoxe iniciemos un proceso tamén de traballo conxunto coa plataforma local i de información pois semanal de todas as dudas i todos os problemas que lle poidan xurdir i por suposto o noso apoio total a calquer reivindicación que se faga de xeito pacífico non, i defendendo os intereses desos aforradores i ca forza da razón i non ca razón da forza porque a veces coa razón da forza se perde a razón i por tanto creo que a ese nivel nos podemos orgullecer de que A Estrada ten unha plataforma moi sensata con xente que o único que quere é recuperar os seus aforros i que dende logo van a contar, por suposto, creo que así o demostraron os portavoces municipais co apoio i a defensa a ultranza por parte desta Corporación dos seus intereses, así que se lles parece como queda recollido en acta tomamos, tomamos ese acordo

Sr. Xulio Vicente.-..... que o PP votara en contra de aumentar as medidas do arbitraxe no Parlamento Galego.

Sr. Alcalde.- O que ten que entender vostede é que facendo demagogia non se solucionan os problemas.

Sr. Xulio Vicente.- Non é demagogia.

Sr. Alcalde.- No, eso é demagogia, usted... si tomamos ese acordo aquí usted lle vai a solucionar o problema a algún aforrador dos que está aquí, bueno pois o que temos que tomar o acordo é de feitos que poidan resolver o problema dos veciños. A demagogia política ou a tratamos aquí ou a deixamos fóra i creo que neste tema non vai a beneficiar

Durante esta intervención o Sr. Xulio Vicente interrompe ó alcalde en varias ocasións sen percibir con claridade no audio as palabras que di.

Sr. Alcalde.-A política está aquí, os vinteún os representantes do Partido Socialista, o representante do Bloque Nacionalista Galego, os representantes do Partido Popular, os veciños levan falando hora e media i estamos escoitando pacientemente todos aquí as súas consideracións que nos parecen moi oportunas i que nos parecen, dende logo, mui sensatas pero que o final.....

Sr. Xulio Vicente.-interrumpe de novo ó alcalde sen chegar a entenderse ben as palabras na grabación pero entre outras cousas di "levamos 14 meses na rúa escoitando boas palabras....."

Sr. Alcalde.- si, si eu por suerte estou bastante próximo ó seu problema e lle podo garantir que na medida das posibilidades estamos intentando que se resolva un conflito que sabe vostede que non e moi sinxelo resolver.

Sr. Xulio Vicente.- (non se perciben as primeiras palabras) a Diputación de Pontevedra chegou para aprobarlle no cen por cen o aumento da arbitraxe e logo no Parlamento Galego votaron en contra. Entendes que temos que estar indignados.

Sr. Alcalde.-Nós vamos nos vamos apoiar.....

Sr. Xulio Vicente.-Ti crees que se non condenas eso o PP e vai seguir facendo o que está facendo. Tes que tomar unha postura contundente.

Sr. Alcalde.- O PP lle podo garantir que nos últimos dez días estiven en máis de catro reunións en Pontevedra, nos últimos 10 días, un día sí e un día non, tratando exclusivamente a problemática das preferentes trasladándolle ó Presidente da Xunta, eu estiven reunido, estuvemos reunidos co Presidente da Xunta de Galicia, co Conselleiro de Economía, estuvimos reunidos co presidente da Deputación, estamos intentando.....

Sr. Xulio Vicente, .-O Presidente da Diputación é a peor persona(non se comprende) é que repugnanon nos vlen intentos, queremos feitos, levamos 14 meses na rúa, non é demagogia, nos sentimos enganados.

Sr. Alcalde.-En todo caso a nosa responsabilidade como concelleiros do Concello da Estrada é poñernos do lado dos nosos veciños, por suposto, poñernos no lado das súas reivindicacións, por suposto que si, trasladarlle ós organismos e ás institucións afectadas como dixen antes Banco de España, Ministerio de Economía e Facenda, Comisión Europea, FROB i Novagalicia Banco de que se continúe resolvendo todas i cada unha das solicitudes de arbitraxe presentadas, todas i cada unha das máis de 580

solicitudes que hai no noso Concello porque a nós nos preocupan os nosos veciños, os veciños da Estrada, a todos os que estamos aquí hoxe.

Sr. Xulio Vicente.-presión, de momento non houbo presión ningunha.

Sr. Alcalde.- Lle podo garantir que na Estrada estamos por encima da media na resolución dos arbitraxes, que estamos por encima do 25 por cento, ogallá fóra o cen por cen.

Fala xente do público sen chegar a comprender o que din.

Sr. Alcalde.-O que pretendemos deixar claro é que se resolvan todos os arbitraxes (interrumpe xente do público falando) nos non temos competencia neste tema (seguen as interrupcións por parte do público) nos o que podemos facer neste caso.....

Público: podedes presionar, vos si que podedes presionar.

Sr. Alcalde.- o que si podemos facer neste Pleno os 21 concelleiros da Corporación municipal da Estrada é en primeiro lugar solicitar que se resolvan todas as solicitudes de arbitraje, creo que é cousa razoable as 580 solicitudes que se resolvan creo que eso supoñería, independentemente de que se produzan as quitas o arbitraje pode seguir adiante e nós o que pedimos é que se faga e que se vaian resolvendo as solicitudes todas de arbitraje, pedimos, en todo caso, que se siga mantendo o ritmo de arbitraje que se está facendo ata o de agora i que sexa

Público: gritan no, no, no, queremos o ritmo de arbitraje da campaña electoral, non nos engañedes.

Sr. Alcalde.-Eu non engaño a nadie. Bien pois que se resolvan todas as solicitudes de arbitraje i que non se apliquen as quitas ó diñeiro das persoas, dos preferentistas, dos aforradores, dos aforradores.

Público: Gritan "esto é un roubo".

Sr. Alcalde.-polo tanto si queremos concretar as propostas da moción i as propostas de resolucións as podemos concretar xa aquí "in voce" i facer un acordo da Corporación municipal se lles parece ós voceiros na linea que está recollido no acordo plenario que podería ser se lles parece a instar ó Banco de España, Ministerio de Economía e Comisión Europea, FROB e Novagalicia Banco a que se continúen resolvendo a través da arbitraje todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas ata a resolución definitiva de todas elas i tamén instar tamén ós mesmos organismos a que os tenedores de participacións preferentes e obrigas subordinadas de Novagalicia Banco non teñan que sufrir quitas i de ter que soportalas que sexan da menor contía posible e que os canxes poidan ser obxecto da súa realización inmediata.

Escóitanse gritos de protesta por parte do público.

Sr. Alcalde.-Pois parámolo ahí.

Sr. Blanco Carracedo, do P.P.- Quítalle esa frase.

Sr. Alcalde.-Pois sin ter que sufrir quitas, que non teñan que sufrir quitas.

Sr.Xulio Vicente.-Non é quitas, chamáselle roubos, non queremos roubos.

Representante da Plataforma de Santiago.- Eu propoño aquí un texto que é o que lin antes e que se dirixan ou que insten ó Goberno do Estado para que non se apliquen as quitas ou canxes obrigatorios por outros produtos e ata que non se acepten positivamente as solicitudes de arbitraxe de todos os afectados, si é necesario, coa derogación do Real Decreto Ley sobre reestructuración do sector financeiro, que é completamente distinto ó que está vostede comentando.

Sr. Alcalde.-Completamente distinto no. Nos estamos

Público.-Siguen gritando "non queremos roubos".

Sr. Alcalde.-Retiramos esa parte i tomamos acordo claro de, que decide plenamente, de seguir resolvendo o que é o proceso de arbitraxe ata o final, ata que se resolvan todas e que non se produzan quitas no que é o

Sr. Xulio Vicente.- Se o quixeran facer mellor a única solución que había era a anulación dos contratos. Eso era o que tiña que facer o goberno. Anular os contratos e pagarnos a todos.....Cayo Lara preguntoulle a Rajoy sobre as preferentes e os desahucios e sabes que fixo Rajoy pasouna por donde pasou o de Bárcenas, que non falou de Bárcenas, ese señor Bárcenas é o que nos está jodendo a nós o tema da información, Bárcenas, e Urdangarín e Ana Mato e esos todos son os que nos están jodendo, o PP é o que nos está roubando, o PP é o que nos está roubando (aplausos por parte do público). Queremos a anulación dos contratos.

Sr. Alcalde.-Sabe vostede que esa vía xudicial tena vostede aberta cando queira.

Público.-protestas e abucheos.

Sr.Xulio Vicente.- Nós queremos solucións políticas.

Sr. Alcalde.-Xa hai resolucións xudiciais. Ten vostede a palabra.

Sr. Aurelio Romero. -(.....) Se escuchó lo que dije o repito.

Sr. Alcalde.-Ahora, ahora, bien, bien, bien.

Sr. Aurelio Romero.-Vale, yo celebro que el alcalde haya cambiado la actitud inicial de no dar importancia, en apariencia, por lo del orden del día este tema es un acto que bueno, que creo que le honra, pero también creo que es muy importante, te puedo llamar José, ¿verdad? Que ese apoyo que estás diciendo que le vas a dar a esta gente sea un apoyo real e íntegro a que me refiero con eso, esa carta que vais a escribir que creo que va a ser en los mejores términos y de una manera educada, porque creo que las groserías no traen nada, ni las ofensas, se puede simplemente

mandar y dejar que siga un curso que bueno todos sabemos como es el protocolo de esos cursos, o se puede tener una activa revisión de cual es la situación. Tu tienes un peso dentro del PP yo creo que no toda la culpa es del PP igual que creo que no toda la culpa es del PSOE, pero los políticos tienen que estar realmente conscientes de donde es su posición, tú dentro de cinco años, dentro de cuatro y todos ustedes o dentro de diez vais a volver a estar aquí y no se os puede olvidar sobre todo la gente que vive en un pueblo, sus vecinos, lo siguen viendo y saben lo que hicieron bien, lo que hicieron completo o lo que hicieron con medias tintas. Yo creo José y creo a todos los demás concelleiros, que es importantísimo que de verdad se empeñen en esto y que de verdad le pongan interés a esto como si tuvierais vosotros dinero vuestro ahí metido. Porque yo pongo el caso de mi tía que es una mujer de 83 años que con todo el sacrificio de cinco vacas durante cincuenta años juntó 20.000 euros y un familiar directivo de un banco la metió en ese vaporón. Es todo el capital que tiene. Yo no puedo entender que los arbitrajes hayan funcionado en un caso patético como el de ella, viuda, ella sola, es verdad pero pongo este ejemplo no a título personal. (interrumpe alguien do público) Vale, pero perdón, déjame terminar de posición para que se vea lo injusto de como funciona el arbitraje. O sea un caso de una señora que no tiene ni 6º grado de estudio, 20.000 euros que se vé que no es una inversionista que no tiene mas capital en ningún otro sitio y en 6 meses no le haya salido su solución, osea, eso es un absurdo pero eso es lo que demuestra y lo que os tiene llamar a vosotros la conciencia es que debeis de poner todo lo que teneis a vuestro alcance para que esto se resuelva porque vosotros seguís en el pueblo, Rajoy no va a venir al pueblo, Feijoo no va a venir a La Estrada, vosotros si os vamos a seguir viendo la cara y no es un agravio, no es una acusación, no, no, es que o poneis todo el empeño en resolver esto o todos vamos a saber quien es quien. Yo agradezco, (interrumpe xente do público sen percibir ben o que di) pero déjame terminar por favor, déjame terminar mi exposición que creo que la estoy haciendo de la mejor manera de una forma cortés y es hacia todos, no es solo hacia José, es hacia todos, o ponéis de verdad todo lo que tenéis que poner o los políticos se están alejando del pueblo. Pero en esto y en todas las demás cosas estamos viviendo épocas muy difíciles, algunos las hemos vivido antes ya en otros sitio y sabemos como termina esto. Entonces acordaros tenéis un momento envidiable para hacer lo que tenéis que hacer, lo que vuestra consciencia os diga. Si quieres poner el cargo a disposición del PP por si no lo resuelve, lo haces si simplemente quieres mandar el papel y que siga su curso, lo haces. Pero todos van a saber al final cual fue tu ejecución y al final defenderá cada quien lo que piensa de ti, eso es lo que es importante. Al final lo que uno se lleva cuando uno termina es la opinión que tiene la gente de uno y cuando la mayoría piensa de uno que uno lo ha hecho bien pues debe ser así. Pues lo que te pedimos es eso verte dentro de diez años diciendo "José se la jugó, puso todo lo que había que poner para resolverlo", igual que Dono, igual que el otro, igual que el otro. Ahora si lo que haceis es recibís esto, nos escuchásteis muy bien pero seguís en vuestra rutina discutiendo el protocolo que teníais, que ese era importante no lo dudo, y esto bueno que siga su trámite y así quedará. No sois los únicos que podeis resolverlo pero teneis una cuota muy, muy, muy importante para resolver. Gracias.

(Aplausos por parte do público e murmullo).

Sr. Alcalde.-Moi ben, moitas gracias sobretodo polo tono i polas formas en que se expresou este veciño que eu creo que é a maneira de poder chegar a un final que todos esperamos que sexa feliz. Eu creo que todos coincidimos no mesmo, lle podo garantir que nadie dos que están aquí estivo seguramente cos brazos parados i de feito aínda que na Estrada non houbo presión me consta que todos os que estamos aquí representados dunha forma directa e dunha forma activa se preocuparon por saber cal era a situación i se preocuparon por intentar buscallo unha solución. É certo que nin a nivel municipal a temos, nin a nivel autonómico sequera i é unha solución que está a un nivel que se nos escapa pola capacidade que temos para resolvelo pero sí é certo, disculpa, que temos que, bueno, poñer todo o empeño i esto eu díxeno ó primeiro momento é un problema grave e é un grave problema social, temos unha crisis importante a nivel económico e temos o maior problema que hoxe en día ten Galicia, xunto co paro, é o problema dos preferentes, e eu tou convencido que calquer político que non se preocupe por intentar resolver na medida das súas capacidades este problema se estará equivocando, eu teño claro, i cada un.....

Sr. Aurelio Romero.- A nivel autonómico si está la solución porque si Feijoo mañana decide poner 500 árbitros, en quince días está resuelto antes de que pongan las quitas, pero como no pone 500 árbitros, como ya no le importa eso, pues deja que siga la ruta a donde va

Sr. Alcalde.-No, no, eu non poño medias tintas, eu creo que non é un problema de árbitros é un problema de diñeiro, non é un problema de árbitros, se houbera diñeiro para pagalos se tiña pagado. O tema todo é mais sencillo ou mais complexo do que parece é un problema de que aproximadamente en atrapados nas preferentes hai, aproximadamente 1.000 millóns de euros, aproximadamente, por poñer una cifra i esos mil millóns de euros o banco non os ten para devolver.

Protestas do público.

Sr. Alcalde.,. O banco non di a verdad. O banco o que ten e capital para poder recapitalizarse no 9% que ten que ter de fondos propios para poder seguir.....

Sr. Xulio Vicente, que non fai falta diñeiro para devolver.

Sr. Alcalde.- O problema é un problema económico e vos sabedes que aínda que existan 500 árbitros o problema non é un problema de arbitrase, os arbitrases estanse convocando a medida que o banco manda as resolucións para facer as vistas (protestas do público asistente). Non é un problema dos árbitros, non é un problema de que non haxa árbitros, o problema é que non hai diñeiro para pagar.

Sr. Xulio Vicente.- O Sr. Castellanos di que a solución, que eles teñen pasta para devolver eh, Sr. Director de o banco que o Goberno non lle deixa polo memorandum que se asinou en Bruselas. Non nos mintas. Esa é a realidade. O banco dixo xa catorce veces que ten diñeiro para devolvernos os aforros. Da forma que se redactou o memorandum é o que prohíbe que ese diñeiro chegue a nós. Dacordo, por qué, porque ese diñeiro é para refinar a gran banca e non é para dárnolo a nós e houbo que lincharnos a

nós que foi o que foi a facer o PP a Bruselas, lincharnos a nós para poder recapitalizar a banca.

Sr. Alcalde.- Vamos a ver, vamos a falar sensatamente, se non hai memorandum non hai diñeiro e eso sabémolo todos. Vamos a falar claro, vamos a ver nós temos a vontade política todos, o demostramos todos aquí i esta Corporación ten vontade de buscar, na medida das posibilidades de poñer todas as súas forzas e todos os seus esforzos en buscarlle unha solución a este problema. Pero o problema está en que hai unha dificultad por parte do banco para poder pagar, non é o problema de arbitraxes, non é un problema de que falten árbitros i o que temos e que intentar presionar i seguir traballando para que o Goberno, tanto o goberno da Xunta como o goberno da Estrada como os demais gobernos instemos ós organismos competentes para buscar unha solución e a solución que é, que se resolvan os arbitraxes i que non existan quitas ¿esa é a solución?.

Fala alguén do público asistente sen enterderse o que di.

Sr. Aurelio Romero-Que conviertan todas las colocaciones de inversión en cuentas a plazo fijo a un año, que nadie saque el dinero.

Sr. Alcalde.-vamos a ver, vamos a ver, o problema é que o banco utilizou os recursos que estaban en depósitos á vista que non contaban como forma de capitalización, a entidade financeira había que capitalizarse para poder cumprir cos parámetros e cos standares que poñía a Unión Europea i como non había recursos suficientes o que fixo foi capitalizarse, ¿como se capitalizou?.

Protestas por parte do público.

Sr. Alcalde.-Esa é a situación. Julio vamos a ver, acostúmbrate a respectar porque todo o mundo te respecta a ti cando falas e ti xa non deixaches intervir ós demais, entonces deixa que os demais digan o que queiran, que interveñan.

Sr. Julio Vicente.-Falou todo o mundo o que quixo. Non fagas demagogia.

Sr. Alcalde.-O tema está en ¿que foi o que fixo o banco?, recapitalizarse con esos aforros. Ahora si ten que volver a depositar os aforros das participacións preferentes en depósitos líquidos estase descapitalizando i polo tanto non cumple os standares que manda a Unión Europea. É así de sencillo.

Protestas do público asistente e falan sen poder comprender na grabación o que din.

Sr. Alcalde.-Que sepamos o pasado non resolve o futuro, ben, que falemos do que se fixo mal non resolve o futuro, entonces que é o planteamento que fixo o BNG, que fixo o Partido Socialista e que facemos nós, tomemos un acordo por parte desta Corporación de apoiar ás persoas que foron estafadas. De darlle unha solución a todos os arbitraxes i de que non exista canxe. Esa é a solución que podemos acordar, o pasado non vale i o futuro é o que temos que pelexar por él. Vamos a seguir como levamos seguido este tema desde fai tempo. Non é tema que veña agora a este Pleno i que nos preocupe agora, estou dicindo que nos últimos dez días fumos, ou eu fun a catro reunións co Presidente da Xunta, co Conselleiro

de Economía con todos os que entendemos que temos cercanía para poder resolvelo i a trasladarlle a nosa intención i a nosa vontade de buscarlle unha solución a este problema. Esa é a nosa forza i é a que temos que aplicar, i os resultados.....

Fala unha persoa do público sen apreciarse na grabación o que di.

Sr. Alcalde,. Hombre insuficiente, insuficiente si foi, pero tamén quero dicir que Galicia é a única Comunidad Autónoma onde se buscou esta solución i donde 14.000 casos se resolveron. A única. No resto mira o que está pasando con Bankia, o que está pasando con outras caixas de aforro que está todo o mundo atrapado, non está cobrando nadie i están importando o modelo de Galicia ó resto das comunidades autónomas para intentar resolvelo. Algo se fixo, que non é suficiente, que solo foi o 25 %, eu creo que o esforzo que se fixo i a presión que se fixo sirveu para que Galicia sexa a única Comunidad Autónoma donde 14 mil expedientes foron resoltos. Non é suficiente, non é suficiente, non é suficiente.

Abucheos do público.

Sr. Xulio Vicente.- Cal é o problema de que cobren 14 mil ou 15 mil que a min me parece ben que eu quero que os compañeiros cobren todos, e que agora metan a quita e o resto con que cara quedamos. (.....)catro encima da mesa, este cobra e este non, e ante Dios somos todos iguais, sí ou non, e queremos cobrar todos e que non haxa quita. (Aplausos). De Guindos ten unha bomba debaixo do cú, como meta a quita ese día explota a bomba e vai a ver o que vai pasar en Galicia nas Caixas de Aforros, xa hai algún que levou gasolina e quitámoslla das mans, eh, xa hai algún que levou unha lata de gasolina e quitámoslla das mans. Facede o que poidades, o que este das vosas mans, pero facelo eh. Nós queremos cobrar todos.

Sr. Alcalde.- En eso estamos de acuerdo. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Ben...

Persoa do público.-Eu pido a palabra, pódema dar.

Sr. Alcalde.-No primeiro os compañeiros despois en cuarto turno intervén vostede.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Non hai ningún problema por continuar escoitando ás persoas afectadas pero tamén penso que se está falando co compañeiro da Plataforma de Santiago que antes tiña un texto, aquí se propoñía un texto tamén e todos estamos de acordo, ten que ser non un brindis ó sol, senón un texto realista, un texto con medidas que se poidan adoptar i levar adiante. Tamén se propoñía aquí facer unha comisión de seguimento de como van os casos, neste caso, (interrumpe Sr. Xulio Vicente).

Xulio Vicente.- Tamén queremos compromisos detrás dese texto, se ese texto non vale pa nada, que facedes todos aquí, haber a onde queredes chegar, a onde vades a chegar para apoiar o pobo, eso é o que queremos aquí. Eu digo, que eu xa levo 14 meses nesto, 14 meses, aquí se aprobaron mocións no Parlamento Español, no Parlamento Galego, en tódolos Concellos, en Diputacións, en todos os sitios. Estamos cansados de boas palabras e de todo, estamos cansados. Nós queremos compromisos, e tí é o que dis, levas dez

días que non fas outra cousa, pero hai afectados que levan algún 3 meses pechados en Concellos, 3 meses, hai peches en Galicia dende o 3 de decembro en Concellos día e noite, xente durmindo nos Concellos eh. Hai Concellos que están totalmente paralizados e por iso os alcaldes se están movendo porque ata aquí non se moveron e pódoches asegurar que se non fóra por eses peches e pola presión isto xa estaba rematado, amigo, e o roubo estaba feito. (aplausos por parte do público) o roubo xa estaba feito. E vólvote a dicir aquí houbo unha arbitraxe en campaña electoral, e ta demostrado, porque foi pasar a campaña electoral e o arbitraxe acabouse, si, chegou a haber cero arbitraxes, realizáronse os arbitraxes polos peches nos concellos. ¿Ti sabes o que nos dixo o Sr. Puy, no Parlamento unha semana despois das eleccións? ¿Sr. Puy hasta cando o arbitraxe?, preguntádelle ó árbitro. Este é o responsable do Partido Popular no Parlamento. Tivemos unha reunión con el 7 días antes das eleccións, despois das eleccións. Sr. Puy, ¿ata cando o arbitraxe?, preguntádelle ó árbitro ¿Cantos arbitraxes máis? Preguntádelle ó árbitro. ¿Como van a ser os arbitraxes? Preguntádelle ó árbitro. O Partido Popular ó día seguinte das eleccións, riuse de nós. Aquí está pasando o que está pasando, está pasando en Galicia polas movilizacións, de acordo, e aquí se se romperá o Pleno se se reventara o Pleno, hoxe se están reventando dous plenos en Pontevedra, non se reventan porque normalmente (neste intre deixa de escoitarse o audio durante 45 segundos). Se sinten avergonzados e eso é estar co pueblo, non querendo facer o Pleno compañeiro, entendes, iso é estar co pueblo, iso é estar co pueblo. (Aplausos). Iso é comprometerse coa xente, iso, non é outra cousa.

Sr. Alcalde.- Moi ben, Sra. Louzao que creo que a interrumpiron antes, ten vostede a palabra.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Ben vamos a ver dicíamos que nos estamos de acordo e compartimos que é necesario, non para algúns si e para outros non, senón a devolución para todos os afectados, que entendemos que a vía da arbitraxe é o mellor camiño para os afectados i que eso debe de continuar non paralizarse, seguir a bo ritmo para evitar quitas e esixir que non se apliquen as quitas i se pode facer i buscar solución para todos se ten que ser por vía xurídica con asistencia e asesoramento pero dende logo i así o dicía antes neste caso, o alcalde e eu penso que debemos facelo así porque debe ser un compromiso real crear unha comisión neste Concello que se reúna coa plataforma para poder facer un seguimento i axudarlles naquelo no que precisen, entonces eu penso que estamos en disposición de aceptar un acordo que se plantexou, que mais ou menos saíu das intervencións de todos os aquí presentes afectados i penso que todos manifestamos a vontade de facelo i penso que debe de ser unha vontade real i o aceptamos i o comprometemos nesa creación nesa comisión para facer esas reunións, manter esas reunións i facer un seguimento i apoiar ós veciños afectados i afectadas, penso que esa dende logo pode ser unha línea porque efectivamente nós i o decía un veciño que falaba anteriormente a nivel local non temos a solución pero si dende logo podemos apoiar os veciños para que reclamen os seus dereitos i comprometernos con iso pois compartindo con eles o seguimento i facendo evidentemente, pois as xestións que haxa que facer coa Xunta para que lles chegue esta solicitude de que o arbitraxe continúa i que non se deteña i por tanto i dende logo a vía de solución chegue para todos i para todas non para uns si e para

outros non senón para todos i o antes posible que ó fin e ó cabo son, está claro, perfil de aforradores, está claro que nos evidentemente somos neste caso a oposición igual que ó compañeiro do BNG e o compañeiro do Partido Popular é o goberno está claro que no goberno agora mesmo hai uns representantes políticos que nes son os que teñen que poñer vontade política pero eu penso que este Pleno manifestou xa a súa vontade política de acompañar, de facer un seguimento e de poñerse dos lados dos veciños e das veciñas que creo que é i así debe de quedar claro onde estamos, ó lado dos afectados e das afectadas, neste caso concreto da Estrada pero dicía ahí un compañeiro anteriormente afectado non solo os da Estrada senón todos, i así débese esixir i así o estamos facendo con este acordo para que continúe a arbitrase, que non se apliquen as quitas e dende logo que se busque unha solución para todos penso que ese é un acordo que podemos adoptar engadindo ademais o que se nos pediu neste Pleno o compromiso de crear esta comisión para compartir cos afectados o seguimento i ver na medida do posible en como vai avanzando o proceso, como podemos axudar i apoiar.

Neste intre fala xente do público sen percibir con claridade o que din.

Sr Alcalde.- Moi ben, moitas gracias Sra. Louzao procedemos logo creo que despois deste debate i co compromiso ademais de convocar esa Comisión de Seguimento na que estaremos representados as tres forzas políticas que teñen representación neste Concello xunto cos representantes dos veciños da Plataforma pola defensa dos intereses das persoas estafadas polas preferentes e as subordinadas, e que convocaremos i que non poñeremos en contacto xa nestos días para facer esa primeira reunión i tomar as decisións que vaiamos decidindo de forma colexiada nesa comisión de seguimento que como dicía antes formaremos nos próximos días, así que esta proposta que acaba de ser leída agora primeiro votamos a urxencia da incorporación á orde do día. Votos en contra, abstencións, votos a favor. Apróbase a urxencia de incorporación i procedemos á votación desta moción "in voce". Votos en contra, abstencións, votos a favor.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: .É que non o teño claro, ¿é esta a moción que se nos acaba de entregar a que aprobamos, non?. Acábame de entregar Juan os acordos da Plataforma.

Sr. Alcalde.- Claro, a moción "in voce", da parte resolutive, a nós a que nos preocupa é a parte resolutive é: "Que se dirixa ó Goberno da Xunta e que faga as xestións pertinentes para esixir que a arbitrase continúe e sexa favorable para todos os aforradores estafados ou enganados. Que se dirixan ou que insten ó Goberno do Estado, Presidente Rajoy, Ministro de Guindos para que non se apliquen as quitas e canxes obrigatorios por outros produtos, accións non cotizables nas que os aforradores ata que non se acepten positivamente as solicitudes de arbitrase dos afectados se é necesario mediante a derogación do Real Decreto Lei 24/2012 sobre reestruturación do sector financeiro" i estos dous puntos da orde do día incorporando tamén a creación da comisión pertinente. Moi ben. Pois votos en contra, abstencións, votos a favor. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, a Corporación adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

Vista a declaración dos afectados/as polas preferentes da Estrada,

ACORDAMOS:

1º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia (Presidencia da Xunta de Galicia e Consellería de Economía e Industria) para que fagan as xestións pertinentes co fin de continuar coa arbitraxe e sexa favorable para todos os aforradores estafados ou enganados.

2º.- Instar ao Goberno do Estado (Presidencia do Goberno e ao Ministerio de Economía e Competitividad) para que non se apliquen as quitas e canxes obrigatorios por outros produtos (accións non cotizables) aos e ás aforradores ata que non se acepten positivamente as solicitudes de arbitraxe dos/as afectados/as e, se é necesario, mediante a derogación do Real Decreto Lei 24/2012 sobre reestruturación do sector financeiro.

3º.- Crear unha Comisión de Seguimento integrada por Concelleiros dos partidos políticos que forman a Corporación municipal deste Concello e por representantes da "Plataforma de afectados por participación preferentes e obrigacións subordinadas de A Estrada"

Sr. Alcalde.- Mui ben pois deixando constancia unha vez mais do noso compromiso i desde logo do noso traballo conxunto creo que agora o que procede despois de este intenso debate é seguir coa correspondente orde do día i quedábamnos da aprobación do punto nº 3 do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas relativa as reclamacións contra o Orzamento do ano 2013.

¿Hai algunha intervención?. Ten a palabra o Sr. Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Boas noites ben este punto foi levado á última Comisión Informativa de Facenda e donde se vota, (esperamos que marchen), bueno continúo donde se someten a consideración da Comisión e agora do Pleno dos escritos de alegación presentados ante os Orzamentos do exercicio 2013, según establece e se recolle no informe da Interventora ningún dos tres escritos (... ..) ben ningún dos tres escritos se encontra encaixado dentro do articulo 170, (neste intre fai ruído o público) ben continúo se mo permite (interrupción porque está falando a xente do público sen poder comprender o que din) ben, como dicía ningún dos tres escritos atopan encaixe nos tres supostos que recolle o articulo 170 da Lei Reguladora de Facendas Locales, que serían que non se axustaran estos Orzamentos na súa valoración á aprobación dos trámites establecidos pola Lei de Facendas Locales. Omitir crédito necesario para o cumprimento das obrigacións ou manifesta insuficiencia dos ingresos, polo cal non cabe outra cousa que seguir o criterio establecido no informe de Intervención e proceder á súa desestimación e a meros efectos dialécticos o contido dos escritos básanse en dúas propostas que sería unha relativa a unha encomenda de funcións que, a pesar de que neste momento son alegadas presentadas alegacións polos sindicatos, no seu momento fóron aprobadas con apoio dos mesmos.

En canto ó resto dos argumentos que se siguen serían xa fronte a posibles actuacións futuras que se contemplan nos orzamentos como é o técnico de administración xeral e un conductor para as maquinarias do Concello, que son actuacións, que bueno, que estamos decididos a seguir a diante e que se discutirá a súa legalidade ou procedencia no momento preciso.

Sr. Alcalde.- Ben Sr. Blanco, ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Ben Sr. Concelleiro, vostede fai referencia o informe da Sra. Interventora que dí que non é o momento pois nos nos preguntamos, igual que nos preguntamos na comisión ¿Cal é o momento?. Os sindicatos que teñen representación neste Concello están advertindo están poñendo enriba da mesa de que se están adoptando decisións no orzamento 2013 que son contrarias a dereito i non soamente no caso da prorrogación de atribucións temporais á recaudadora que polo mero feito de prorrogalas alá mais dun exercicio xa deixan de ser temporais son continuas e polo tanto eso é contrario á lei igual que e contrario a lei se di claramente nalgúns dos escritos, se se pon enriba da mesa aínda que vostede non queira facer referencia, que como neste Concello non existe RPT por tanto non se poden crear novas plazas i se está creando unha nova vacante nos presupostos así o dixemos no debate dos orzamentos i así o din tamén os sindicatos igual que din que hai complementos no departamento de policía que son contrarios á lei. Se di que a creación do posto de asesor xurídico, como acabo de dicir, é contrario a Lei, se di que os complementos os personales xurídico, perdón persoal laboral tamén está de xeito contrario á Lei i eso é responsabilidade do Pleno Municipal, non da interventora, é responsabilidade adoptar unha decisión i pode ter consecuencias i unha negligencia máis, no caso de persoal, que pode rematar i así o advirten os sindicatos, que poden rematar nos xulgados i desgraciadamente xa existen precedentes de sentencias xudiciais nesta Corporación con outros traballadores, polo tanto entendemos que como somos o Pleno municipal os que temos que resolver as alegacións ou non, non sei se é o momento se non o é, o que sei é o que queda claro é que é manifesta a contrariedade a dereito que poñen enriba da mesa os sindicatos i polo tanto entendemos que como responsabilidade nosa non podemos apoiar a desestimación destas alegacións, porque sexa ou non o momento o que é é responsabilidade nosa coidar i velar polos intereses do Concello da Estrada i si desestimamos isto facendo oídos sordos ó que se nos está advertindo estamos cometendo fraude ós veciños e ás veciñas i polo tanto como dicía non podemos apoiar a desestimación destas alegacións.

Sr. Alcalde.- Moitas grazas señora Louzao, ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: como ven dicía a portavoz do grupo socialista eu tampouco sei se este é o momento ou non de tratalo pero o que si sei e que se nos advirte claramente de que se pode estar cometendo un acto contrario a dereito, unha ilegalidade porque estamos falando de que se crean plazas en réxime de funcionario interino, no caso de asesoría xurídica, onde non se xustifica a creación deste posto, onde existen distribución de complementos para algúns dos postos de traballo que parece, cando menos, arbitraria ou como con respecto ó persoal laboral non se aclara a que posto de traballo se debe o incremento nas partidas de persoal descoñecendo a que posto se

lle vai asignar esta distribución, desta retribución que se contempla nos presupostos. En xeral non se xustifica a necesidade de contratación deste persoal laboral e como ben nós podemos ler nalgunha das alegacións que presentan algúns dos sindicatos simplerizan con varias sentencias xudiciais que acaban condenando as administracións públicas por tomar este tipo de decisións. Entón por esto como vemos que como sempre o recorte nos traballadores no nos pagan todos dentro deste Concello senón que solo algúns, como ben dixen noutro Pleno, e estamos falando de tomar un acordo que a todas luces é ilegal vamos, creemos que debemos apoiar estas alegacións e vamos a votar en contra de que se desestimen.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias Sr. Magariños, ten a palabra o Sr. Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Ben, o que sí sería absolutamente ilegal e unha aberración xurídica sería estimar unhas alegacións que non encaixan dentro dos presupostos da Lei non sei como daremos metido eso nin con calzañor, independentemente do que sería o seu contido. Estamos falando de alegacións que teñen que estar circunscritas a unha das tres, dos tres supostos que marca o artigo 170 da Lei Reguladora de Facendas Locais, o cal sería unha aberración que os estimáramos. Podemos discutir sobre o que sería o contido. ¿Cal é o momento? Pois dende logo este non é o momento polo, encanto á consideración como alegación, podemos discutir o que queira, ¿que este posto foi creado de forma adecuada? non hai duda ningunha co apoio dos partidos políticos porque si hai algo relevante xuridicamente son os propios actos, neste caso os sindicatos están indo contra os seus propios actos, digo os sindicatos, co cal non pode ser unha aberración o que estamos facendo que din, din que é ilegal porque se está facendo unha prórroga de un ano, esta figura xurídica de encomenda de funcións, tal e como se recolle nos informes de Tesourería e de Intervención que son favorables a este acordo e asimilan a encomenda de funcións a Comisión de Servicio que as comisións de servicios, como ben se sabe, son por un ano prorrogables a outro, punto no que tamén estaban de acordo os sindicatos. ¿Intereses dos cidadáns, dos estradenses? Dos estradenses é o que se trata de protexer coa creación desta encomenda de funcións porque recordemos que é pa unha figura que a xestión tributaria que estaba abandonada e que se pretende buscar por medio da xusticia tributaria o mesmo esforzo pa todo o mundo tratando de mellorar e optimizar os recursos deste Concello como estaban abandonados, recordamos as sancións de tráfico, actuacións de protección civil, e toda a depuración que está facendo coa distribución de auga. Estamos falando de 1.500 persoas que están servindo sin pagar, igual que fan o resto dos contribuyentes. Temos 5.500 dados de alta que sí contribuyen porque 1500 non, esto todo se consigue por medio de dotar dos medios suficientes a este Concello, outra cousa sería non protexer os intereses da Estrada. Prazas novas, prazas novas entraríamos a discutir si son creadas de forma legal ou non, independentemente da necesidade de RPT ou non, pero será no momento da súa creación, buscando o encaixe legal e a figura que se adopte, veremos si é legal ou non o que non se pode discutir e non ten sentido ningún é se unha reserva presupostaria é legal ou non para unha nova creación de emprego, se verá no seu momento da creación dos postos de traballo se son legales o que non é ilegal de ningunha maneira é a dotación presupostaria, unha reserva de cartos con ese destino que se verá no seu momento se se leva a

cabo e si o permite a lexislación que nos entendemos que si, por eso estamos dotando presupostariamente e que son plazas que consideremos que son necesarias porque estamos con déficit de técnicos para servicios de contratación e para outros e tendo máquinas infrautilizadas como sería para o caso do conductor da maquinaria de obras.

Sr. Alcalde, moi ben. Pois ¿algunha intervención?. Pois procedemos a votar este asunto que é a aprobación do ditame da comisión especial de facenda e contas relativa ás reclamacións contra o Orzamento municipal, entendo Sra. Secretaria que esto é aprobación se procede do ditame da comisión e o ditame da comisión é desestimar as reclamacións contra o Orzamento Municipal, así que procedemos a votar. Votos en contra, abstencións, votos a favor. Apróbase por maioría.

Finalmente, adóptase o seguinte **Acordo** por once votos a favor (PP) e dez en contra (PSOE e BNG):

Vistos os tres escritos contra o orzamento municipal aprobado nun principio na sesión plenaria 31 de xaneiro de 2013, presentados, no período anunciado no Boletín Oficial da Provincia do 7 de febreiro último, polos representantes dos sindicatos que se relacionan de seguido:

	presentación	
	data	Nº R.E.
COMISIONS OBREIRAS	25-02-2013	2352
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA	25-02-2013	2395
UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES	25-02-2013	2397

Tendo en conta o informe emitido o 27-02-13 a tal respecto pola Intervención municipal, que non aprecia nas alegacións formuladas ningunha das tres causas para reclamar contra o orzamento establecidas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas de data 1 de marzo de 2013.

ACORDAMOS:

Desestímense, por falta de fundamento legal, os escritos contra o orzamento municipal para o exercicio 2013 presentados o 25-02-2013 polos sindicatos: COMISIONS OBREIRAS (R.E. nº 2352); CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (R.E. nº 2395), e UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (R.E. nº 2397) ao non concorrer ningún dos motivos para reclamar contra o orzamento sinalados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2013.

Sr. Alcalde.- Punto nº 4. Aprobación se procede o ditame da Comisión Especial de Facenda e Especial de Contas relativo á aprobación definitiva do Orzamento Municipal para o exercicio 2013.

Ten a palabra o Sr. Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, do PP:- Ben como consecuencia directa do anterior solo queda que este Pleno do Concello proceda a aprobación xa definitiva dos Orzamentos do exercicio 2013.

Sr. Alcalde.-Moi ben, gracias Sr. Blanco, ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Ben este grupo municipal, igual que dixi no seu día, non pode estar de acordo cun orzamento no que se eleva o gasto corrente a dez millóns de euros, incrementándose un millón de euros dende que vostedes están no goberno. Non podemos estar de acordo cun orzamento que recauda do peto dos veciños un millón e medio máis de euros en subida de impostos i taxas i que destina a compra de bens, servizos i material i subministros, e dicir, gasto improdutivo. Polo tanto tampouco podemos estar de acordo co mesmo orzamento o que se lle está advertindo que ten eibas porque se consignan i se preve, insistimos é a ferramenta que marca as directrices do que vai a ser traballo do goberno este ano pois se prevee destinar fondos a cousas que van contra o dereito, polo tanto este grupo municipal, igual que fixo no debate do orzamento, vai a votar en contra porque entendemos que este orzamento perxudica ós veciños da Estrada.

Sr. Alcalde.-Moitas gracias Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Como xa dixen no Pleno do 31 de xaneiro, creo que foi, e non podemos apoiar un presuposto municipal que o único que fai é incrementar a carga impositiva contra os veciños pero pola contra lle reduce os servizos que o Pleno, perdón, o Concello lle tería que dar polo cal o noso voto o voto do BNG vai a ser en contra.

Sr. Alcalde.- Moitas gracias. Pois se non hai mais intervencións procedemos polo tanto á votación deste punto nº 4 "ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas relativo á aprobación definitiva do Orzamento municipal para o exercicio 2013. Votos en contra. Abstencións, votos a favor. Apróbese por maioría.

Finalmente, adóptase o seguinte **Acordo** por once votos a favor (PP) e dez en contra (PSOE e BNG):

Visto o expediente do orzamento para o exercicio 2013 aprobado na sesión plenaria do pasado 31 de xaneiro e que permaneceu exposto ao público durante o prazo de 15 días anunciado no Boletín Oficial da Provincia do 7 de febreiro,

Tralo acordo de desestimación dos escritos contra o dito orzamento, consonte o preceptivo ditame desta comisión informativa,

E a fin de completar a tramitación regulada no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Contas en sesión de data 1 de marzo de 2013,

ACORDAMOS:

Apróbase definitivamente o orzamento municipal para o exercicio 2013 nos termos aprobados nun principio na sesión plenaria do 31 de xaneiro de 2013.

5°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Sr Alcalde.-Punto nº 5.-"Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Benestar Social relativo á declaración institucional do Concello da Estrada con motivo do Día Internacional da Muller". Ten a palabra a palabra a concelleira de Benestar Social Dna. Amalia Goldar.

Sra. Goldar Cora do P.P.- Gracias Alcalde, boas tardes noites xa. Bueno con motivo da celebración do día 8 de marzo ó Día da muller., a Corporación do Concello da Estrada, como ven facendo nos últimos anos, quere manifestarse pública e institucionalmente en favor da igualdade dos dereitos de oportunidade da muller. En primeiro lugar alegrarnos como Corporación municipal dar chegado a unha declaración consensuada e unanimemente votada polos grupos políticos que formamos a Corporación do Concello da Estrada. Agradecer o compromiso e as aportacións dos distintos grupos para chegar a este acordo nun tema no que estamos todos de acordo como é a loita constante e diaria contra a desigualdade. Así a moción que hoxe presentamos para a súa aprobación no Pleno fai referencia ós dereitos que se recoñecen as mulleres lembrando que aínda queda moito por facer e que non debemos relaxarnos que no ámbito laboral e social a muller sigue sendo a grande perxudicada, sobre todo nestos tempos de crise. Pero igual que recoñecemos os problemas das mulleres queremos facer unha moción en sentido positivo e así, se vos parece, leerei os acordos ó que hemos chegado na Comisión e que hoxe levaremos aquí a aprobación, se procede. A Corporación Municipal do Concello da Estrada eleva ó Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1°.-O rexeitamento de políticas que condenan ás mulleres á marxinação e a dependencia e que supoñen un retroceso en canto á incorporación á vida política e social relegándoas o traballo do ámbito doméstico. 2°.-Instar ás administracións competentes a intensificar as medidas preventivas e de condena de violencia machista que cada vez se visualiza máis na nosa sociedade. O desenvolvemento dun plan de emprego para as mulleres de Galicia que inclúa políticas activas específicas. A promoción do autoemprego e o desenvolvemento dun plan de igualdade das mulleres no emprego dirixido a promover a igualdade e eliminar a desigualdade salarial. O mantemento dos dereitos recollidos na Lei de Promoción de Autonomía Personal e Atención as Persoas na situación de dependencia. A promoción de políticas que permitan a corresponsabilidade na vida laboral, familiar de homes e mulleres en cumprimento da Lei 2/2007 do 28 de marzo o traballo en igualdade das mulleres de Galiza. 3°.-Instar ó Goberno do Estado e ó Goberno da Xunta de Galiza a que leven a cabo programas de apoio empresarial a mulleres co obxectivo de fomentar o entendemento perdón, o emprendemento feminino e o autoemprego e 4°.-Reafirmar o compromiso do Concello da Estrada a

traballar na elaboración e desenvolvemento dun plan de igualdade e a impulsar a transversalidade de xénero no eido local de xeito que se garante as políticas públicas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente e contribuindo ao progreso e benestar da sociedade galega. Moitas gracias.

Sr. Alcalde.-Moi ben ¿algunha intervención?. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: dende o grupo socialista manifestar de viva voz o que xa acaba de leer a concelleira na moción unánime que temos o compromiso con todos e cada un destes acordos i dende logo reafirmar o compromiso deste grupo coa igualdade porque ó final non podemos esquecer que son moitos os anos de loita que se levan facendo para alcanzar cotas de igualdade, para alcanzar dereitos de oportunidades en igualdade de condicións para homes e mulleres i non podemos obviar que se está sufrindo un retroceso en canto os dereitos conseguidos, en canto ás oportunidades alcanzadas i non podemos permitir, como representantes dos cidadáns que se disfrace baixo a idea de crisis, que se disfrace o retroceso no dereito de oportunidades porque ó final para avanzar, para conseguir superar esta situación debemos aproveitar as capacidades de todos e de todas i polo tanto non menospreciar a mais da metade da poboación porque non esquezamos a muller ten menos taxa de emprego, maior taxa de temporalidade nos seus contratos i maior contrato a tempo parcial. Sigue recaendo nela a atención á familia e sigue recaendo nela a atención ós maiores pero dende logo i debemos velar porque esto se supere non podemos permitir que polo mesmo traballo unha muller perciba menos diñeiro que un home, non podemos permitir que unha muller teña que traballar máis días ó ano, inventar meses o ano para alcanzar a igualdade salarial cos homes, porque os dereitos deben ser iguais para todos porque a igual capacidade, iguais dereitos i a muller non pode ser relegada porque é mais da metade da poboación i as capacidades de todos son necesarios para superar esta situación de crise.

Sr. Alcalde.- Moi ben. Moitas gracias Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Bueno, alegrarnos de chegar a esta moción de conxunto das tres forzas políticas, unha moción que ten que ser, non solo de intencións senón tamén de accións, porque, como xa faláron aquí as portavoces dos dous grupos municipais que me antecederon, é moito o camiño que queda por facer e temos que andalo en conxunto, entón de boas palabras está o mundo cheo pero o que se necesita son boas accións que son as que poden cambiar a situación na que actualmente nos atopamos porque temos que falar en plural porque ó final todos somos responsables e todos sufrimos as situacións de desigualdade a que está sometida, como ben decía a portavoz do grupo socialista, a metade da poboación do mundo.

Sr. Alcalde. Moi ben, pois moitas gracias Sr. Magariños, i coincidindo todos creo que de forma satisfactoria neste acordo procedemos entón a votar o ditame da Comisión de Benestar Social relativo á declaración institucional da Corporación do Concello da Estrada con motivo do Día Internacional da Muller. Votos en contra, abstencións, votos a favor. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **Acordo**:

Vista a moción presentada con data 21-02-13 polo grupo municipal socialista.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social de data 6 de febreiro de 2013.

Vista a moción presentada polo grupo municipal do BNG o 27-02-13.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social en sesión de 28 de febreiro de 2013.

Tendo en conta o que puxo de relevo a Carta Europea da Muller: "A discriminación, os estereotipos educativos, a segregación do mercado laboral, o emprego precario, o traballo a tempo parcial involuntario e a distribución desequilibrada de responsabilidades dos coidados familiares con respecto aos homes afectan ás opcións de vida e á independencia económica de numerosas mulleres".

Tendo en conta que, a pesar das conquistas acadadas nos últimos tempos en canto ao recoñecemento dos dereitos das mulleres en todos os ámbitos, queda moito camiño por andar de cara a superar as desigualdades creadas en torno ao xénero e a crítica situación que viven as mulleres en Galiza arredor de diferentes aspectos: dificultade no acceso a postos de relevancia en empresas e institucións, diferenzas salariais, marxinação, agravamento da violencia machista, etc. Diferenzas xurdidas, non por incapacidade das mulleres nin por descoñecemento social, senón por unha clara desvantaxe nas oportunidades e, as veces, o tratamento discriminatorio por parte dos poderes públicos e privados.

Observado que a igualdade foi avanzando en España durante os anos da Democracia grazas a labor dos distintos gobernos e, sobre todo, grazas a propia sociedade que se modernizo. Desta maneira, as mulleres foron ocupando espazos no emprego, na política e na sociedade e achegábanse en tódolos indicadores de participación e calidade de vida aos homes, rompendo progresivamente a desigualdade. Non obstante esta igualdade non era de todo efectiva e existían, e seguen existindo, desequilibrios. Precísase tempo para seguir avanzando e para consolidar o conseguido, e aínda mais neste tempo de crise.

Observado que nestes momentos as mulleres en España non só sofren unha elevada taxa de desemprego (do 25%), perciben un salario claramente inferior aos homes por igual traballo (un 22%), teñen unha moitísima menor presenza en postos directivos tanto na administración (só o 30%) como na empresa privada (11,5%), teñen maior taxa de temporalidade, e concentran a maior parte dos contratos a tempo parcial por necesidade, senón que sobre elas segue recaendo o peso da atención á familia (o 95% das excedencias para coidado dos fillos e o 85% das solicitadas para coidado de dependentes corresponden a mulleres) e do coidado do fogar.

Así mesmo, as mulleres e homes deben ter as mesmas oportunidades de desenvolver o seu proxecto vital e de facelo en condicións de igualdade.

Ademáis, debemos progresar no desenvolvemento dun modelo de organización social máis aberta.

Por todo o anterior, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- O rexeitamento de políticas que condenan as mulleres á marxinação e a dependencia, e que supoñen un retroceso en canto á incorporación á vida política e social, relegándoas o traballo no ámbito doméstico.

Segundo.- Instar as Administracións competentes :

- Intensificar as medidas preventivas e de condena da violencia machista, que cada vez se visualiza mais na nosa sociedade.
- O desenvolvemento de un Plan de Emprego para as mulleres de Galiza, que inclúa políticas activas específicas, a promoción do autoemprego e o desenvolvemento dun Plan de Igualdade das mulleres no emprego, dirixido a promover a igualdade e a eliminar a desigualdade salarial.
- Ao mantemento dos dereitos recollidos na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia.
- A promoción de políticas que permitan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar de homes e mulleres, e o cumprimento da lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza.

Terceiro.- Instar ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia a que leven a cabo Programas de apoio empresarial a mulleres co obxectivo de fomentar o emprendemento feminino e o autoemprego.

Cuarto.- Reafirmar o compromiso do Concello de A Estrada a traballar na elaboración e desenvolvemento de plans de igualdade e a impulsar a transversalidade de xénero no eido local de xeito que se garantan políticas públicas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente e contribuíndo ao progreso e benestar da sociedade galega.

6°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MEDIO RURAL RELATIVA A DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE SIEIRO.-

Sr. Alcalde.- Antes de proceder ó debate ou aprobación do punto nº 6 comentarilles que temos que votar a ratificación da inclusión neste punto na orde do día porque foi celebrada a comisión oportuna o mesmo luns, o día da Comisión i polo tanto se lles parece en primeiro lugar votamos a ratificación da incorporación deste punto. Votos en contra, abstencións, votos a favor. Apróbase por unanimidade i procedemos o debate i aprobación se procede da proposta do concelleiro de Medio Rural relativa á desafectación do anaco de camiño público no lugar de Sieiro. Algunha intervención, pois entonces procedemos a votar. Votos en contra, abstencións, votos a favor. Apróbase por unanimidade.

Así pois a urxencia do asunto, é aprobada por unanimidade.

.....

Finalmente, adóptase por unanimidade, o seguinte **Acordo** :

Vista a proposta referida ao asunto de referencia, asinada polo Sr. Concelleiro Delegado de Medio Rural en data 20.12.12.

Vista a solicitude e documentación aportada por Da. María Dolores Fuentes García, mediante escritos de 26 de outubro de 2012, e 13 de xuño de 2012.

Visto que a interesada:

- pide a desafectación e o alleamento no seu favor dun anaco de camiño no lugar de Sieiro sito entre as leiras números 11 da ZCP de San Miguel de Cora e 395 do proceso de concentración parcelaria de Monte Val do Veá (1ª fase).

- acepta o prezo sinalado no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal (660 euros).
- comprométese a aportar no Concello (unha vez lle sexa alleada a finca), inscrición rexistral acreditativa de ter agrupada a parcela cuxo alleamento solicita coa lindeira da que é propietaria.

Visto que o ben en cuestión é dominio público, polo que primeiramente ao alleamento a un lindeiro é precisa a súa desafectación e máis a súa declaración como parcela sobrante.

Visto o Informe do Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal do 06.09.12.

Visto o Informe do Técnico de Administración Xeral do Servizo Xurídico de Urbanismo do 30.11.12.

Visto o Informe do Secretario Xeral de data 20.12.12.

Visto o Informe de fiscalización previa asinado pola Sra. Interventora en data 23.01.13.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente en sesión de data 4 de marzo de 2013.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar expediente para:

a) Desafectar a pacela que se describe a continuación, que non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade:

Tramo de camiño situado no lugar di Sieiro. Conta cunha lonxitude de 115 metros e un ancho variable, que vai entre 0,70 ata 5,50 metros, o que fai un total de 220 m2 de ocupación. Linda: Norte: coa parcela 11 da Z.C.P. de San Miguel de Cora; Sur: con camiño; Leste: coa parcela 395 da Z.C.P. de MOnTe Val de Vea , propiedade da solicitante; Oeste: con camiño.

b) Declarar expresamente *parcela sobrante* a mencionada parcela.

c) Arecepción formal da mencionada parcela como ben patrimonial ou de propio do Concello.

Segundo.- Publicar anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina *web* municipal, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo dun mes.

Terceiro.- Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado.

Sr. Alcalde.- Antes de pasar á parte control da Xestión, non sei se hai algunha moción de urxencia por parte dos grupos políticos, se non a hai procedemos entonces á parte de control da xestión coa dación de conta das Resolucións da alcaldía dictadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2013, ámbolos dous incluídos i o punto n° 8 rogos e preguntas.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

7°.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XANEIRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 31 de xaneiro de 2013.

8°.-ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.-Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Ben, o Grupo Municipal Socialista dicir simplemente que neste Pleno entende pois a disposición dos veciños que se tratou inicialmente i polo tanto non vamos a manifestar maiores rogos que o xa manifestado no primeiro punto da orde do día, polo tanto dicir simplemente unha vez mais que a nosa total disposición i colaboración na creación desa Comisión e agardamos ser convocados o antes posible para reunirmos cos veciños i veciñas.

Sr. Alcalde.-Moi ben, moitas gracias Sr. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Si, simplemente dúas preguntas. Unha é ¿que prazos e condicións ten o Concello para o remate das obras derivadas da traída de augas de Guimarei? Me refiro non ás obras de, senón as obras de despois de reposición do firme, adecentación das estradas.

Sr. Alcalde.-pois estamos, a climatoloxía non nos acompañou moito na execución desa obra pero, pero bueno, esperamos que, eu creo que en un prazo de un mes, aproximadamente, quedarían rematados, tamos facendo xa, ou se van a facer tamén as conexións das vivendas á rede principal, a demanda que está habendo é unha demanda elevada o cal nos satisfai i posiblemente, pois xa digo, no prazo de un mes teremos rematada a obra i iniciada a reposición porque sabemos, nos consta, ademais que as cunetas quedaron nun estado bastante deteriorado i o firme tamén hai que repoñelo en varias zonas i estamos ó tanto i a propia dirección de obra as levan os técnicos municipais e están ó tanto de todos esos acontecementos.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: -Pregunta, aquí no lugar de O Francés en Guimarei está sinalada unha casa con perigo de derrumbe. ¿Foi o Concello quen sinalizou esa...?

Sr. Alcalde.-Descoñezo esa, esa información pode ser, pode ser que se fixera algún expediente de inicio de declaración de ruína, pero en todo caso o podemos comprobar ou se pode achegar vostede en calquer momento i pode ver o expediente ou informamos no próximo día. Pero é posible, non llo podo confirmar pero é posible que se iniciase un expediente a instancias do propietario de ruína para poder actuar sobre esa edificación.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: -Eu é por dúas cuestións, bueno unha é porque está vallado dunha maneira que non parece moi normativa e outro é que hai un cruceiro ó lado deste edificio entón se selle comunicou a Patrimonio para que tome as medidas oportunas de protección deste elemento arquitectónico.

Sr. Alcalde.- Moi ben pois o veremos nestos días i o intentaremos resolver.

Sr. Alcalde.-Bueno ante de pechar a sesión felicitarnos ós 21 concelleiros desta Corporación polo comportamento de hoxe, creo que a actitude de todos foi moi positiva i dar as grazias a todos como alcalde i, i simbolizando pois a unión que nos ten que facer máis fortes neste tipo de temas i sabendo que temos que defender os intereses xerais dos nosos veciños. Moitas grazias a todos e moi boa noite.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vintedúas horas vinte minutos.



A Estrada, 7 de marzo de 2013

A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: Mª Jesusa Fernández Bascuas